

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE FACENDA

**22718** *REAL DECRETO 3422/2000, do 15 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre o valor engadido; o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e profesionais e o Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regula as declaracións censuais que teñen que presentar para efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios. («BOE» 301, do 16-12-2000.)*

A Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, incorporou á Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, o réxime especial de operacións con ouro de investimento, o que determina a necesidade de dicta-las normas regulamentarias que completen as disposicións legais nesta materia. En particular, débense establece-las tolerancias de peso que se aceptan nos mercados de lingotes, para efectos de delimita-lo concepto de ouro de investimento; fixa-los requisitos para o exercicio da renuncia á exención prevista no dito réxime especial e determina-las obrigas rexistras relativas ás operacións con ouro de investimento, que constitúen un sector diferenciado de actividade. Así mesmo, en relación co suposto de investimento do suxeito pasivo recollido no artigo 84.un.2.º b) da Lei do imposto, cómpre delimita-los conceptos de ouro sen elaborar e de produto semielaborado de ouro, co fin de que o dito suposto comprenda, como se indica no preámbulo da Directiva 98/80/CE, do 12 de outubro, a maior parte das entregas de ouro que supere un determinado grao de pureza, para conseguila maior eficacia na aplicación do mecanismo de investimento do suxeito pasivo.

Convén tamén modifica-los textos vixentes dos números 2.º e 3.º do artigo 9 do Regulamento do imposto, relativos ós requisitos que condicionan a exención das exportacións de bens realizadas polos adquirentes non establecidos e a exención das prestacións de servicios que consistan en traballos realizados sobre bens adquiridos ou importados para seren obxecto de tales traballos con carácter previo á súa exportación, co obxecto de clarifica-lo seu contido, simplifica-la súa aplicación e adaptalos á terminoloxía da normativa aduaneira comunitaria.

En relación coa aplicación do tipo reducido do 7 por cento ós servicios de albanería, debe canalizarse a responsabilidade do destinatario das obras, esixíndolle a este último que acredite o cumprimento de determinados requisitos que determinan a aplicación deste tipo, mediante unha declaración expresa sobre as condicións

do inmovible a que se refiren tales obras ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Modifícase o artigo 71 para suprimi-las regras relativas ó lugar, forma e prazo de presentación das correspondentes declaracións-liquidacións, porque esta materia é conveniente que se regule mediante orde. Igualmente, incorpóranse a este precepto as regras relativas á determinación dos períodos de liquidación nos supostos en que se producisen transmisións globais ou parciais dun patrimonio empresarial ou profesional.

Tamén se recollen neste precepto as normas que regulan a colaboración social na xestión do imposto sobre o valor engadido, en desenvolvemento das previsións contidas no artigo 96 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, delimitándose as materias ás que se poden referi-los acordos con administracións públicas ou entidades representativas de sectores ou intereses sociais, empresariais ou profesionais e facultando o ministro de Facenda para dicta-las normas que regulen a utilización de medios telemáticos para a presentación de documentos ou comunicacións con transcendencia tributaria.

Por outra parte, a substitución do ecu polo euro e a distinta equivalencia de ambos respecto da peseta obriga a modifica-los límites establecidos para as devolucións trimestrais ou anuais en favor dos empresarios non establecidos, elevándoas a 33.500 pesetas e 4.200 pesetas, respectivamente.

Así mesmo, para evita-la produción de custos financeiros inxustificables ós empresarios que comercializan ouro sen elaborar ou produtos semielaborados de ouro as entregas dos cales non están exentas do imposto sobre o valor engadido, que realizan entregas de ouro de investimento con renuncia á exención, convén incluír estas operacións entre as comprendidas no artigo 30 do Regulamento do imposto, que se poden beneficiar dun procedemento rápido para a recuperación do imposto soportado nas adquisicións de bens e servicios empregados na realización das operacións indicadas.

Tamén é conveniente introducir determinadas aclaracións e precisións no artigo 38 do Regulamento do imposto, que regula a forma de liquida-lo tributo polos suxeitos pasivos acollidos ó réxime especial simplificado. En particular, resulta conveniente aclara-lo tratamento que se lle dará ás subvencións de capital percibidas para a adquisición de determinados bens e servicios, de forma que se unifiquen os criterios de interpretación da normativa aplicable ás operacións realizadas ó abeiro do mencionado réxime.

Igualmente, en relación co dito réxime especial interesa precisar tamén que a percepción de subvencións financiadas con cargo ó Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA) ou con cargo ó Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP), así como as percibidas polos centros especiais de emprego non determinan ningunha limitación no dereito a deducir que lle corresponde ó empresario que as percibe.

Finalmente, a supresión do réxime especial de determinación proporcional das bases impositibles esixe a

correlativa supresión dos preceptos regulamentarios nos que se regulaba este réxime e unha modificación daqueles outros que contiñan referencias a el, reordenando, ademais, os artigos correspondentes ó réxime especial da recarga de equivalencia, sen que isto supoña ningún cambio nos seus contidos, agás no que se refire á lista de produtos excluídos do réxime especial. Da referida lista elimínase a mención ás cintas magnetoscópicas gravadas, para evita-la formación de sectores diferenciados no suposto habitual en que estes bens se venden con outros que tributen pola recarga de equivalencia e, en sentido contrario, inclúese o ouro de investimento, ben este último para o que se estableceu un réxime especial propio.

O artigo segundo deste real decreto modifica os artigos 2.º, 8.º, 8.º bis e 9.º do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e profesionais, para establece-la obriga de expedir factura ós suxeitos pasivos que realicen obras de albanería que tributan ó 7 por cento e a aqueles que realicen entregas de ouro de investimento exentas do imposto sobre o valor engadido; regula-la emisión do documento equivalente á factura polos suxeitos pasivos a que se refire o artigo 140 quince da Lei 37/1992, e, por último, para axustar a catro anos o prazo previsto para rectificar facturas en correlación co establecido no artigo 89 da citada lei.

O artigo terceiro modifica os artigos 8.º, 9.º e 10.º do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo cal se regulan as declaracións censuais que teñen que presentar para efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios, para, por un lado, axusta-la súa redacción como consecuencia da supresión do réxime de determinación proporcional das bases impositivas do imposto sobre o valor engadido e, por outro, para incluír na declaración censual a opción pola determinación do pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, segundo o previsto no artigo 38.3 da Lei 43/1995, do 27 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co dictame do Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de decembro de 2000,

## DISPÓÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificacións do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

1. Modifícase o número 2.º, letra A e o número 3.º do punto 1 do artigo 9, que quedarán redactados da seguinte forma:

«2.º Entregas de bens exportados ou enviados polo adquirente non establecido no territorio de aplicación do imposto ou por un terceiro que actúe en nome e por conta deste nos seguintes casos:

A) Entregas en réxime comercial.

Cando os bens obxecto das entregas constitúan unha expedición comercial, a exención quedará condicionada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Os establecidos no número anterior.

b) Sen prexuízo, se é o caso, do disposto na letra d) do parágrafo cuarto do número 3.º seguinte, os bens deberán conducirse á aduana no prazo dun mes seguinte á súa posta á disposición, onde o adquirente presentará o correspondente documento aduaneiro de exportación.

Neste documento farase constar tamén o nome do provedor establecido na Comunidade, a quen corresponde a condición de exportador, co seu número de identificación fiscal e a referencia á factura expedida por este, debendo o adquirente remitirle ó dito provedor unha copia do documento dilixenciada pola aduana de saída.»

«3.º Traballos realizados sobre bens mobles que son exportados.

Sen prexuízo do establecido no artigo 24, punto un, número 3.º, letra g) da Lei do imposto, están exentos os traballos realizados sobre bens mobles adquiridos ou importados co dito obxecto e exportados ou transportados fóra da Comunidade por quen realizou estes traballos ou polo seu destinatario non establecido no territorio de aplicación do imposto, ou ben por outra persoa que actúe en nome e por conta de calquera deles.

Os referidos traballos poderán ser de perfeccionamento, transformación, mantemento ou reparación dos bens, incluso mediante a incorporación a eles doutros bens de calquera orixe e sen necesidade de que os bens se vinculen ós réximes aduaneiros comprendidos no artigo 24 da lei.

A exención deste número non comprende os traballos realizados sobre bens que se encontran ó abeiro dos réximes aduaneiros de importación temporal, con exención total ou parcial dos dereitos de importación, nin do réxime fiscal de importación temporal.

A exención dos traballos quedará condicionada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Os establecidos no número 2.º deste número, cumpridos por parte do destinatario dos traballos non establecido no territorio de aplicación do imposto ou do prestador deles, segundo proceda.

b) Os bens deberán ser adquiridos ou importados por persoas non establecidas no territorio de aplicación do imposto ou por quen actúe en nome e por conta destas persoas, con obxecto de incorporar a eles determinados traballos.

c) Os traballos serán prestados por conta dos adquirentes ou importadores non establecidos para efectos do imposto sobre o valor engadido no territorio de aplicación do imposto.

d) Os traballos deberán efectuarse no prazo dos seis meses seguintes á recepción dos bens polo seu prestador, quen deberá remitir un xustificante de recepción ó adquirente dos bens non establecido no territorio de aplicación do imposto ou, se é o caso, ó provedor.

O prazo indicado no parágrafo anterior poderá ser prorrogado por solicitude do interesado polo tempo necesario para a realización dos traballos. A solicitude presentarase no Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, que o autorizará cando o xustifique a natureza dos traballos que se van realizar, entendéndose concedida a prórroga cando a Administración non conteste no prazo dun mes seguinte á presentación da solicitude.

e) Unha vez terminados os traballos, os bens deberán ser enviados no prazo do mes seguinte á Aduana para a súa exportación.

A exportación deberá efectualo o destinatario dos traballos ou o seu prestador, facendo constar no documento de exportación a identificación do provedor establecido na Comunidade e a referencia á factura expedida por este.

Tamén poderá ser efectuada por un terceiro en nome e por conta do prestador ou do destinatario dos traballos.

f) O destinatario non establecido ou, se é o caso, o prestador dos traballos deberán remitirle ó provedor dos bens unha copia do documento de exportación dilixenciada pola aduana de saída.»

2. Engádesse un novo título IV bis coa seguinte redacción:

#### «TÍTULO IV BIS

##### **Suxeito pasivo**

Artigo 24 bis. *Concepto de ouro sen elaborar e de productu semielaborado de ouro.*

Para os efectos do disposto no artigo 84, punto un, número 2.º, letra b) da Lei do imposto, considerarase ouro sen elaborar ou productu semielaborado de ouro o que se utilice normalmente como materia prima para elaborar produtos terminados de ouro, tales como lingotes, laminados, chapas, follas, varetas, fíos, bandas, tubos, granallas, cadeas ou calquera outro que, polas súas características obxectivas, non estea normalmente destinado ó consumo final.»

3. Dáse nova redacción ó artigo 26, que quedará redactado como se indica a seguir:

«Artigo 26. *Tipo impositivo reducido.*

Para efectos do previsto no artigo 91, punto un.2, número 15.º da Lei do imposto, as circunstancias de que o destinatario non actúa como empresario ou profesional, utiliza a vivenda para uso particular e que a construción ou rehabilitación da vivenda conclúise polo menos dous anos antes do inicio das obras, poderán acreditarse mediante unha declaración escrita asinada polo destinatario das obras dirixida ó suxeito pasivo, na que aquel faga constar, baixo a súa responsabilidade, as circunstancias indicadas anteriormente.

De media-las circunstancias previstas no número 1.º do punto un do artigo 87 da Lei do imposto, o citado destinatario responderá solidariamente da débeda tributaria correspondente, sen prexuízo, así mesmo, da aplicación do disposto no número 2.º do punto dous do artigo 170 da mesma lei.»

4. Modifícase o número 2.º do número 4 do artigo 30, que quedará redactado como se indica a seguir:

«2.º As entregas de ouro sen elaborar e de produtos semielaborados de ouro a que se refire o artigo 84, punto un, número 2.º, letra b) da Lei do imposto e as entregas de ouro de investimento a que se refire o artigo 140 quince da mesma lei.»

5. Modifícase o número 4.º do punto 1 do artigo 31, que quedará redactado da seguinte forma:

«4.º Non serán admisibles as solicitudes de devolución por un importe global inferior a 33.500 pesetas (201,34 euros).

Non obstante, poderán admitirse as solicitudes de devolución por un importe superior a 4.200 pesetas (25,24 euros) cando o período de referencia sexa o ano natural.»

6. Derrógase o número 1 do artigo 33.

7. Modifícase o número 2 do artigo 38, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. O importe das cotas que hai que ingresar que resulte do previsto no número 1 anterior deberá incrementarse nas cotas devengadas polas operacións a que se refire o artigo 123, punto un, parágrafo segundo da Lei do imposto, e poderá reducirse no importe das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación dos activos fixos destinados ó desenvolvemento da actividade, considerándose como tales os elementos do inmovilizado.

Non obstante, as subvencións de capital concedidas para financia-la compra de determinados bens e servicios, adquiridos en virtude de operacións suxeitas e non exentas do imposto, minorarán exclusivamente o importe da deducción das cotas soportadas ou satisfeitas polas ditas operacións na mesma medida en que contribuísen ó seu financiamento. A minoración das deduccions practícase na declaración-liquidación do último período do ano en que se percibisen, regularizándose as deduccions que se practicasen anteriormente, sen que, en ningún caso, isto supoña o pagamento de xuros ou recargos.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás subvencións a que se refire o terceiro parágrafo do número 2.º do punto dous do artigo 104 da Lei do imposto.»

8. Modifícase o número 3 do artigo 49, que quedará redactado da seguinte forma:

«3. Os orixinais e as copias dos recibos a que se refiren os puntos anteriores conservaranse durante catro anos a partir do día do devengo do imposto.»

9. Engádesse un novo capítulo IV bis ó título VIII, coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO IV BIS

##### **Réxime especial do ouro de investimento**

Artigo 51 bis. *Concepto de ouro de investimento.*

Para efectos do disposto no punto noveno do anexo da Lei do imposto, considerarase que se axustan na forma aceptada polos mercados de lingotes os seguintes pesos:

a) Para os lingotes de 12,5 quilogramos, aqueles do que o seu contido en ouro puro oscile entre 350 e 430 onzas.

b) Para os restantes pesos mencionados, as pezas cuns pesos reais que non difiran daqueles en máis dun 2 por 100.

Artigo 51 ter. *Renuncia á exención.*

1. A renuncia á exención regulada no punto un do artigo 140 ter da lei practícase por cada operación realizada polo transmitente. Esta renuncia deberá comunicarse por escrito ó adquirente con carácter previo ou simultáneo á entrega do ouro de investimento. Así mesmo, cando a entrega resulte gravada polo imposto, o transmitente deberá comunicarlle por escrito ó adquirente que a condición de suxeito pasivo do imposto recae sobre este último, de acordo co establecido no artigo 140 quince da lei.

2. A renuncia á exención regulada no punto dous do artigo 140 ter da Lei do imposto practícase por cada operación realizada polo prestador do servizo, o cal deberá estar en posesión



dun documento subscrito polo destinatario do servizo no que este faga constar que na entrega de ouro a que o servizo de mediación se refire se efectuou a renuncia á exención do imposto sobre o valor engadido.

**Artigo 51 quater. Obrigas rexistras específicas.**

Os empresarios ou profesionais que realicen operacións que teñan por obxecto ouro de investimento e outras actividades ás que non se aplique o réxime especial, deberán facer constar no libro rexistro de facturas recibidas, coa debida separación, as adquisicións ou importacións que correspondan a cada sector diferenciado de actividade.»

10. O capítulo VI do título VIII quedará modificado da seguinte forma:

1.º Modifícase o título do capítulo VI do título VIII, que quedará redactado da seguinte forma: «Réxime especial da recarga de equivalencia».

2.º Suprímense os títulos das seccións 1.ª «Disposicións comúns», 2.ª «Réxime especial de determinación proporcional das bases impositivas» e 3.ª «Réxime especial da recarga de equivalencia» do capítulo VI do título VIII.

3.º Derróganse os artigos 55 «Obrigas formais e rexistras nos réximes especiais do comercio retalista», 56 «Exclusións do réxime especial», 57 «Contido do réxime especial: porcentaxe aplicable no primeiro ano de exercicio da actividade de venda polo miúdo» e 58 «Obrigas contables e rexistras».

4.º O número 2 do artigo 59 quedará redactado da seguinte forma:

«2. En ningún caso será de aplicación este réxime especial en relación cos seguintes artigos ou produtos:

1.º Vehículos accionados con motor para circular por estrada e os seus remolques.

2.º Embarcacións e buques.

3.º Avións, avionetas, veleiros e demais aeronaves.

4.º Accesorios e pezas de recambio dos medios de transporte comprendidos nos números anteriores.

5.º Xoias, alfaias, pedras preciosas, perlas naturais ou cultivadas, obxectos elaborados total ou parcialmente con ouro ou platino, así como a bixutería fina que conteña pedras preciosas, perlas naturais ou os referidos metais, aínda que sexa en forma de bañado ou chapado.

Para os efectos deste imposto consideraranse pedras preciosas, exclusivamente, o diamante, o rubí, o zafiro, a esmeralda, a augamariña, o ópalo e a turquesa.

Exceptúanse do disposto neste número:

a) Os obxectos que conteñan ouro ou platino en forma de bañado ou chapado cun espesor inferior a 35 micras.

b) Os damasquinados.

6.º Pezas de roupa de vestir ou de adorno persoal confeccionadas con peles de carácter suntuario.

Para estes efectos considéranse de carácter suntuario as peles sen depilar de armiño, astracáns, breistchwaz, burunduky, castor, cibelina, cibelina china, civeta, chinchillas, chinchillonas, garduñas, gato linxe, algaria, guloso, guepardo, xaguar, león, leopardo nevado, linxe, lobo, martas, martas Canadá, martas Xapón, muflón, lontra de mar, lontra

kanchaska, ocelote, osos, panda, pantera, pekan, pishiki, platipus, tigre, touróns, vicuña, visóns, raposo azul, raposo branco, raposo cruzado, raposo prateado e raposo shadow.

Exceptúanse do disposto neste número os bolsos, carteiras e obxectos similares así como as pezas de roupa confeccionadas exclusivamente con retallos ou refugallo, cabezas, patas, colas, recortes, etc., ou con peles correntes ou de imitación.

7.º Os obxectos de arte orixinais, antigüidades e obxectos de colección definidos no artigo 136 da Lei do imposto.

8.º Os bens que fosen utilizados polo suxeito pasivo transmitente ou por terceiros con anterioridade á súa transmisión.

9.º Os aparellos para a avicultura e a apicultura, así como os seus accesorios.

10.º Os produtos petrolíferos dos que súa fabricación, importación ou venda estea suxeita ós impostos especiais.

11.º Maquinaria de uso industrial.

12.º Materiais e artigos para a construción de edificacións ou urbanizacións.

13.º Minerais, excepto o carbón.

14.º Ferros, aceiros e demais metais e as súas aliaxes, non manufacturados.

15.º O ouro de investimento definido no artigo 140 da Lei do imposto.»

5.º Engádese un novo número 4 ó artigo 61 coa seguinte redacción:

«4. Os comerciantes retalistas acollidos a este réxime especial que realicen simultaneamente actividades económicas noutros sectores da actividade empresarial ou profesional, deberán ter documentadas en facturas diferentes as adquisicións de mercadorías destinadas a cada unha das distintas actividades realizadas por eles.»

11. Modifícase o artigo 71, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 71. *Liquidación do imposto. Normas xerais.*

1. Salvo o establecido en relación coas importacións, os suxeitos pasivos deberán realizar por si mesmos a determinación da débeda tributaria mediante declaracións-liquidacións axustadas ás normas contidas nos puntos seguintes.

A obriga establecida no parágrafo anterior non alcanzará a aqueles suxeitos pasivos que realicen exclusivamente as operacións exentas comprendidas nos artigos 20 e 26 da Lei do imposto.

2. As declaracións-liquidacións deberán presentarse directamente ou, a través das entidades colaboradoras, ante o órgano competente da Administración tributaria.

3. O período de liquidación coincidirá co trimestre natural.

Non obstante, este período de liquidación coincidirá co mes natural, cando se trate dos suxeitos pasivos que a seguir se citan:

1.º Aqueles dos que o volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei do imposto, excedese durante o ano natural inmediato anterior de mil millóns de pesetas (6.010.121,04 euros).

1.º bis. Aqueles que efectuasen a adquisición da totalidade ou parte dun patrimonio empresarial ou profesional a que se refire o segundo parágrafo do punto un do artigo 121 da Lei do imposto, cando

a suma do seu volume de operacións do ano natural inmediato anterior e a do volume de operacións que efectuase no mesmo período o transmitente do dito patrimonio mediante a utilización do patrimonio transmitido excedese de 1.000 millóns de pesetas (6.010.121,04 euros).

O previsto neste número resultará aplicable a partir do momento en que teña lugar a referida transmisión, con efectos a partir do día seguinte ó de finalización do período de liquidación no curso do cal tivese lugar.

Para efectos do disposto no segundo parágrafo do punto un do artigo 121 da Lei do imposto, considerárase transmisión da totalidade ou parte dun patrimonio empresarial ou profesional aquela que comprenda os elementos patrimoniais que constitúan unha ou varias ramas de actividade do transmitente, nos termos previstos no artigo 97 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, con independencia de que sexa aplicable ou non á dita transmisión algún dos supostos de non suxeición previstos no número 1.º do artigo 7 da Lei do imposto.

2.º Os comprendidos no artigo 30 deste regulamento autorizados a solicita-la devolución do saldo existente ó seu favor ó termo de cada período de liquidación.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación incluso no caso de que non resulten cotas para devolver a favor dos suxeitos pasivos.

4. A declaración-liquidación deberá cubrirse e axustarse ó modelo que, para cada suposto, determine o ministro de Facenda e presentarse durante os vinte primeiros días naturais do mes seguinte ó correspondente período de liquidación mensual ou trimestral, segundo proceda.

Sen embargo, as declaracións-liquidacións que a seguir se indican deberán presentarse nos prazos especiais que se mencionan:

1.º A correspondente ó período de liquidación do mes de xullo, durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediatamente posteriores.

2.º A correspondente ó último período do ano, durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores deste punto, o ministro de Facenda, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, poderá amplia-lo prazo correspondente ás declaracións que poidan presentarse por vía telemática.

5. A declaración-liquidación será única para cada empresario ou profesional, sen prexuízo do que preveña o ministro de Facenda en atención ás características dos réximes especiais establecidos no imposto.

Non obstante, o órgano competente da Administración tributaria poderá autoriza-la presentación conxunta, nun só documento, das declaracións-liquidacións correspondentes a diversos suxeitos pasivos, nos supostos e cos requisitos que en cada autorización se establezan.

As autorizacións outorgadas poderán revogarse en calquera momento.

6. Ademais das declaracións-liquidacións a que se refire o número 4 deste artigo, os suxeitos pasivos deberán formular unha declaración-resumo anual no lugar, forma, prazos e impresos que, para cada suposto, aprobe o ministro de Facenda.

Os suxeitos pasivos incluídos en declaracións-liquidacións conxuntas, deberán efectuar igualmen-

te a presentación da declaración-resumo anual no lugar, forma, prazos e impresos establecidos no parágrafo anterior.

Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente as operacións exentas comprendidas nos artigos 20 e 26 da Lei do imposto non estarán obrigados a presenta-la declaración-resumo anual prevista neste punto.

7. Deberán presentar declaración-liquidación especial de carácter non periódico, no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda:

1.º As persoas a que se refire o artigo 5, punto un, letra e) da Lei do imposto sobre o valor engadido, polas entregas de medios de transporte novos que efectúen con destino a outro Estado membro.

2.º Os que efectúen adquisicións intracomunitarias de medios de transporte novos suxeitos ó imposto, de acordo co disposto no artigo 13, número 2.º da Lei do imposto.

3.º As persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, cando efectúen adquisicións intracomunitarias de bens, distintos dos medios de transporte novos, suxeitas ó imposto.

4.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente operacións que non orixinan o dereito á deducción ou actividades ás que lles sexa aplicable o réxime especial da agricultura, gandería e pesca ou o réxime especial da recarga de equivalencia, cando realicen adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó imposto ou ben sexan os destinatarios das operacións a que se refire o artigo 84, punto un, número 2.º, da Lei do imposto.

5.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente actividades ás que sexa aplicable o réxime especial da agricultura, gandería e pesca, cando realicen entregas de bens de investimento de natureza inmobiliaria, suxeitas e non exentas do imposto, polas cales están obrigados a efectua-la liquidación e o pagamento deste de acordo co disposto no artigo 129, punto un, segundo parágrafo, da Lei do imposto.

6.º Os suxeitos pasivos que realicen exclusivamente actividades ás que sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia, cando soliciten da Facenda Pública o reintegro das cotas que reembolsasen a viaxeiros, correspondentes a entregas de bens exentas do imposto de acordo co disposto no artigo 21, número 2.º da súa lei reguladora, así como cando realicen operacións en relación coas cales efectuasen a renuncia á aplicación da exención recollida no artigo 20, punto dous, da Lei do imposto e no artigo 8, punto 1, deste regulamento.

8. A Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións-liquidacións por este imposto a través de acordos coas comunidades autónomas e outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Os acordos a que se refire o parágrafo anterior poderán referirse, entre outros, ós seguintes aspectos:

1.º Campañas de información e difusión.

2.º Asistencia na realización de declaracións-liquidacións e na súa formalización correcta e veraz.

3.º Remisión de declaracións-liquidacións á Administración tributaria.

4.º Emenda de defectos, logo de autorización dos suxeitos pasivos.

5.º Información do estado de tramitación das devolucións de oficio, logo de autorización dos suxeitos pasivos.

A Administración tributaria proporcionará a asistencia necesaria para o desenvolvemento das indicadas actuacións sen prexuízo de ofrecer estes servizos con carácter xeral ós suxeitos pasivos.

Mediante orde do ministro de Facenda estableceranse os supostos e condicións en que as entidades que subscribisen os citados acordos poderán presentar por medios telemáticos declaracións-liquidacións, declaracións-resumo anual ou calquera outro documento esixido pola normativa tributaria, en representación de terceiras persoas.

Esta orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ó dito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e profesionais.*

1. Engádense dúas novas letras f) e g) no artigo 2.º, punto 3, redactadas da seguinte forma:

«f) As execucións de obra ás que se refire o artigo 91, punto un.2, número 15.º da Lei do imposto sobre o valor engadido.

g) As entregas de ouro de investimento exentas en virtude do disposto no artigo 140 bis da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

2. Modifícase o número 5 do artigo 8.º, que quedará redactado da seguinte forma:

«5. A adquisición de valores mobiliarios poderá xustificarse mediante o documento público estendido polo fedatario interveniente ou o xustificante bancario da operación. A adquisición de activos financeiros co rendemento implícito xustificarse na forma prevista no artigo 59.2 do Regulamento do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril e o artigo 85 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro».

3. Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 8.º, bis que quedará redactado como se indica a seguir:

«Os suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido a que se refiren os artigos 84, punto un, número 2.º; 85 e 140 quinque da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, deberán emitir un documento equivalente á factura, que conteña a liquidación do imposto e os datos previstos no artigo 3.º deste real decreto, o cal se unirá ó xustificante contable de cada operación. O mencionado documento terá os mesmos efectos que a factura para o exercicio do dereito á deducción.»

4. Modifícase o número 1 do artigo 9.º, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Os empresarios e profesionais deberán rectificar-las facturas ou documentos equivalentes ou substitutivos delas, emitidos por eles nos casos en que as cotas impositivas repercutidas se determi-

nasen incorrectamente ou se producen as circunstancias que, segundo o disposto no artigo 80 da Lei do imposto sobre o valor engadido, dean lugar á modificación da base imponible, sempre que non transcorresen catro anos a partir do momento en que se devengou o imposto correspondente á operación gravada ou, se é o caso, da data en que se producen as circunstancias a que se refire o citado artigo 80.

Non poderán ser obxecto de rectificación as cotas impositivas nos supostos previstos no artigo 89, punto tres, da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo cal se regulan as declaracións censuais que deben presentar para efectos fiscais os empresarios, os profesionais e outros obrigados tributarios.*

1. Modifícase o artigo 8.º, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 8.º Situacións tributarias.

1. No censo de empresarios, profesionais ou retentores constarán tamén os seguintes datos:

a) A condición de entidade exenta, para efectos do imposto sobre sociedades, de acordo cos artigos 9 e 133 da Lei deste imposto.

b) A suxeición do obrigado tributario ó réxime especial da recarga de equivalencia para efectos do imposto sobre o valor engadido.

c) A renuncia, inclusión ou exclusión ó réxime especial simplificado ou ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca, no imposto sobre o valor engadido.

d) A renuncia ó réxime de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas.

e) A non aplicación das exencións a que se refiren o artigo 20, punto un, número 27, e o artigo 26, punto cinco, da Lei do imposto sobre o valor engadido, por ter superado os límites de volume de operacións previstos ou en virtude da autorización concedida pola Administración.

f) O réxime de determinación do rendemento neto das actividades económicas e, se é o caso, a modalidade utilizada no imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Este censo formarase conxuntamente co Rexistro de Exportadores e outros operadores económicos que se habilitará nas delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria para as devolucións a que se refiren os artigos 115, punto dous, e 116 da Lei do imposto sobre o valor engadido.»

2. Modifícase o número 4 do artigo 9.º, que quedará redactado da seguinte forma:

«4. Así mesmo, esta declaración inicial servirá para os seguintes fins:

a) Solicita-la asignación do número de identificación fiscal, se non se dispuxera del.

b) Presenta-la declaración previa ó inicio das operacións a que se refire o artigo 111 da Lei do imposto sobre o valor engadido.

c) Renunciar ó réxime de estimación obxectiva e á modalidade simplificada do réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas



físicas ou ós réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.

d) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxes a que se refire o artigo 146 da Lei do imposto sobre o valor engadido e polo de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o punto dous do artigo 137 da mesma lei.

e) Optar pola suxeición ó imposto sobre o valor engadido das adquisicións intracomunitarias de bens, segundo o establecido no artigo 14, punto catro, da Lei do imposto sobre o valor engadido, cando o declarante non se encontre xa rexistrado no censo.

f) Optar pola non suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, punto catro, da lei do dito imposto.

g) Comunica-la suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, puntos tres e cinco, da lei do dito imposto, cando o declarante non se encontre xa rexistrado no censo.

h) Optar pola determinación do pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no número 3 do artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.»

3. Modifícase o artigo 10, que quedará redactado como se indica a seguir:

«Artigo 10. *Declaracións de modificación.*

1. Cando varíe calquera dos datos recollidos na declaración de comezo dunha actividade a que se refire o artigo 9.º anterior, o obrigado tributario deberá comunicarlle á Administración, mediante a correspondente declaración, a súa modificación.

2. Esta declaración, en particular, servirá para:

a) Pór en coñecemento da Administración tributaria o cambio de domicilio fiscal, de acordo co previsto no punto segundo do artigo 45 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e o número 1 do artigo 147 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

b) Comunicar á Administración tributaria a variación de calquera das situacións tributarias recollidas no artigo 8.º deste real decreto.

c) Indica-lo comezo habitual efectivo das entregas de bens ou prestacións de servicios que constitúan o obxecto da actividade para efectos do imposto sobre o valor engadido, cando a declaración de comezo da actividade servise para formula-la declaración previa ó inicio das operacións.

d) Optar polo método de determinación da base imponible no réxime especial das axencias de viaxe a que se refire o artigo 146 da Lei do imposto sobre o valor engadido e polo de determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global no réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección a que se refire o punto dous do artigo 137 da mesma lei.

e) Comunicarlle á Administración tributaria, por opción ou por ter superados os importes que se sinalan na normativa do imposto sobre o valor engadido, a suxeición á dito tributo das adquisicións intracomunitarias de bens que realicen os suxeitos

pasivos a que se refire o artigo 14, punto un, números 1.º, 2.º e 3.º da Lei do imposto e segundo o establecido nos puntos dous e catro do mesmo precepto legal.

Os suxeitos pasivos a que se refire o parágrafo anterior deberán así mesmo presentar, se é o caso, declaración de modificación, para o efecto de comunicarlle á Administración tributaria a non suxeición das súas adquisicións intracomunitarias de bens cando, non tendo exercido a opción citada, presentasen con anterioridade a comunicación a que se refire esta letra e) e as ditas adquisicións non superen os importes mencionados.

f) Optar pola non suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, punto catro, da Lei do imposto.

g) Comunica-la suxeición ó imposto sobre o valor engadido das entregas de bens a que se refire o artigo 68, números tres e cinco, da Lei do imposto.

h) Revoga-las opcións a que se refiren as letras d), e) e f) anteriores e as letras d), e) e f) do número 4 do artigo 9.º, así como comunica-los cambios das situacións a que se refiren a letra g) deste punto e a letra g) do punto 4 do artigo 9.º

i) Comunicarlle á Administración a superación dos límites de volume de operacións a que se refire o artigo 20, punto un, número 27, da Lei do imposto sobre o valor engadido, así como a modificación desta circunstancia.

j) Optar ou renunciar á opción para determina-lo pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades, de acordo coa modalidade prevista no número 3 do artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

3. Esta declaración non será necesaria cando a modificación dun dos datos que figuren no censo se producise por iniciativa dun órgano da propia Administración tributaria.

4. A declaración deberá presentarse no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se producisen os feitos que a determinan. Non obstante, a declaración necesaria para modifica-las opcións a que se refire a letra c) do número 1 do artigo 8.º deste real decreto, e as relativas á letra d) do número 2 do presente artigo e as súas correspondentes revogacións deberá presentarse no prazo previsto, para cada caso, nas disposicións propias do imposto sobre o valor engadido.

Así mesmo, as declaracións a que se refiren as letras e), f) e g) do número 2 deste artigo e as súas correspondentes revogacións, así como as revogacións das opcións a que se refiren as letras e), f) e g) do número 4 do artigo 9.º, deberán presentarse, sen prexuízo do previsto en normas especiais, na forma e prazos que determine o ministro de Facenda.»

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

A presente disposición entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,

CRISTÓBAL MONTORO ROMERO